

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

EXTRACTO da Resolución do 29 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras do programa Escolas Abertas para entidades galegas do exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR923E).

BDNS (Identif.): 743039.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias e requisitos*

1. Programa Escolas Abertas para persoas responsables de impartir docencia en actividades de cultura tradicional galega ou da confección de traxes tradicionais galegos.

Poderán ser beneficiarias das subvencións establecidas para estas modalidades do programa as entidades galegas asentadas fóra de Galicia que estean recoñecidas en calquera das categorías establecidas no artigo 4 da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, e cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter escolas constituídas ou grupos consolidados da especialidade solicitada que acrediten unha actividade continuada.

b) Ter grupos constituídos nos últimos dez anos e estar no seu proceso de recuperación, no suposto de non cumprir o requisito establecido na letra a).

c) Ter grupo de baile ou música debidamente constituído e cun funcionamento ininterrompido, como mínimo, durante catro anos, no suposto de solicitar participar no obradoiro de confección de traxe tradicional galego.

As persoas propostas deben ser maiores de 18 anos e menores de 65. Malia o anterior, mediante resolución razoada, á vista de circunstancias excepcionais de excelencia nas materias que se impartirán no obradoiro correspondente, a persoa titular da Secretaría Xe-



ral da Emigración poderá autorizar a participación dalgunha persoa maior ou menor destas idades.

2. Programa Escolas Abertas para persoal responsable da cociña.

Poderán ser beneficiarias desta modalidade do programa as entidades galegas asentadas fóra de Galicia que estean inscritas nas seccións de comunidades galegas, centros colaboradores ou federacións de entidades do Rexistro da Galegitude que contén con servizo de cociña ou comedor que ofrezca menús elaborados.

As persoas propostas deben estar traballando na cociña ou comedor da entidade galega solicitante, ben os xestionen directamente, ben os teñan arrendados ou cedidos a unha terceira persoa, e ter unha experiencia superior a un ano desde a data de publicación da convocatoria.

3. Programa Escolas Abertas para promover a cualificación no desempeño de cargos directivos.

Poderán ser beneficiarias desta modalidade do programa as entidades galegas asentadas fóra de Galicia que estean inscritas nas seccións de comunidades galegas, centros colaboradores ou federacións de entidades do Rexistro da Galegitude.

As persoas propostas deberán ter unha idade comprendida entre os 18 e 49 anos e reunir unha das seguintes condicións:

a) Formar parte da Xunta Directiva da entidade, polo menos, durante un ano desde a data do remate do prazo de presentación de solicitudes.

b) Ser socio/a da entidade e comprometerse a exercer apoio á súa xestión durante dous (2) anos, ben sexa como parte da Xunta Directiva, ben como persoal voluntario colaborador.

4. Non poderán ser beneficiarias as entidades en que conorra algunha das prohibicións establecidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. As entidades só poderán solicitar unha candidatura por modalidade segundo o modelo normalizado do anexo II (ficha da persoa proposta). Así mesmo, non poderán propoñer a participación no programa de persoas que xa participasen nel, en calquera das modali-



dades convocadas, máis de dúas veces nas últimas catro convocatorias do programa. Se así for, quedarán excluídas.

6. Os requisitos teñen que cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes.

Segundo. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras do programa Escolas Abertas, dirixido ás persoas que están a tomar a remuda nos cargos directivos nas entidades galegas do exterior ou son susceptibles de facelo, e ás persoas responsables de impartir docencia en actividades de cultura tradicional galega, da confección de traxes tradicionais galegos para a entidade, ou responsables da cociña nas ditas entidades (código de procedemento administrativo PR923E).

2. Así mesmo, é obxecto desta resolución proceder á convocatoria das ditas subvencións para o ano 2024.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 29 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras do programa Escolas Abertas para entidades galegas do exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR923E).

Cuarto. *Financiamento*

As axudas do programa teñen a consideración de axudas en especie e, consecuentemente, non supoñen contabilización de gasto.

Os servizos que se lles prestan ás persoas participantes nesta convocatoria serán obxecto de licitación, de acordo coa normativa de contratos do sector público.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De acordo co artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día



da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2023

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

CVE-DOG: nml9l6h8-0nt5-gjs9-03b9-auwydox44n88

